



INTENSA XORNADA PARA DESPEDIR Ó 2013

Última xornada para os distintos equipos do Numancia antes de coller as vacacións de Nadal. Sábado cheo de partidos en Prados Vello e domingo con desprazamento complicado para os modestos. Analizamos a xornada:

MODESTOS: Visitan na 13ª xornada de Liga o complicado campo de A Veiga. Un terreo de xogo de herba natural, irregular e de reducidas dimensións. Alí espera o Narahío, un equipo duro que de seguro complicará moito as cousas ó noso equipo. Última excursión da Marea Vermella neste 2013. Toca animar o Numancia neste complicado desprazamento e conseguir entre todos rematar 2013 co Numancia entre os mellores da 2ª Autonómica de Ferrolterra. O domingo ás 16:00 cita obrigada para tod@s en Narahío. ¡¡¡Non faltedes!!!



XUVENÍS: Visitan na 15ª xornada o campo de A Piscina para xogar ante o CD San Sadurniño. Partido entre dous equipos que se atopan na zona media da clasificación e que

tentarán vencer no último partido do ano para subir postos. A cita será o sábado as 16:00 en San Sadurniño.

CADETES: Reciben na 3ª xornada de Liga ó Cultural Maniños. Non se pode escapar a vitoria neste partido; para terminar este bonito 2013 para os cadetes entre os primeiros clasificados da Liga. Cita obrigada co equipo cadete o sábado as 16:00 en Prados Vello.

INFANTÍS: Visitan na 3ª xornada de Liga as instalacións de O Poboado para medirse o CD As Pontes. Difícil desprazamento para os infantís do Numancia que intentarán sorprender o As Pontes na sua casa ó igual que fixo o Meirás fai dúas semanas. A última cita de 2013 para os infantís será o sábado as 11:00 en As Pontes.

FÚTBOL - 8: ¿Qué mellor maneira de rematar o ano que con festa do fútbol - 8 en Prados Vello? O sábado as 10:00 os alevíns reciben o Rápido de Neda. As 11:00 os benxamíns xogan ante o CD As Pontes "B". Pechan o 2013 para o fútbol - 8 numantino os prebenxamíns que reciben a partir das 12:00 o SDR Ánimas. ¿Quén da mais? O sábado pola mañá todos a Prados Vello para disfrutar cos nenos. ¡¡¡Non faltedes!!!

En resumo, última xornada de 2013 para os equipos do Numancia. Agardamos conseguir bos resultados para celebralos en Navidad. Que non se lastime ninguén e que a Marea Vermella acompañe os distintos equipos; especialmente na festa do fútbol base en Prados Vello o sábado e na invasión a Narahío o domingo. Estamos completamente seguros de que non faltará ninguén.

O Numancia somos tod@s.

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!